



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE AUGA V.A. XESTIÓN E MANTEMENTO S.L. E A ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS PROFESIONAIS NON LABORAIS DE SOCORRISMO EN INSTALACIÓNS ACUÁTICAS.

A Estrada, a 2 de maio de 2018

COMPARECEN:

DUNHA PARTE, D. Luis Menor Pérez, director xeral da Academia Galega de Seguridade Pública (en adiante AGASP), organismo autónomo adscrito á Vicepresidencia e Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, nomeado polo Decreto 144/2014, de 13 de novembro (DOG nº 129 do 14 de novembro), actuando en nome e representación da AGASP, en virtude das facultades que lle confire o artigo 12 da Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, da Academia Galega de Seguridade Pública.

DOUTRA, D. Roberto Campos López con D.N.I. 76.928.211-L en nome e representación da empresa Auga V.A. Xestión e Mantemento S.L. (en adiante a empresa), con CIF B-94.123.684 en calidade de representante legal segundo o establecido en escritura pública.

Ambas partes interveñen na representación e coas facultades que os seus respectivos cargos lle confiren, recoñecéndose reciprocamente capacidade e lexitimación bastante en Dereito para outorgar e firmar o presente Acordo de Colaboración, e tal efecto

EXPOÑEN:

Primeiro.- Que no DOG de data 7 de abril de 2017 publicouse o *Decreto 35/2017, do 30 de marzo, polo que se modifica o Decreto 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia.*

Segundo.- Que no artigo único do referido Decreto, punto Un) establece que se engaden dúas novas letras D) e E) nos puntos 1 e 2 do artigo 6 do Decreto 104/2012, do 16 de marzo, en virtude das cales a formación mínima para o acceso ao Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia amplíase aos seguintes supostos:

Artigo 6.1:

- D) Título de Licenciado ou Graduado en Ciencias da Actividade Física e o Deporte, xunto co certificado de ter superado o curso de adaptación da actividade física e



deportiva ao socorrismo en instalacións acuáticas (CAFDO-IA), establecido no anexo V e impartido polas entidades sinaladas na disposición adicional primeira e segunda.

- E) Título de Técnico Superior en Animación de Actividades Físicas e Deportivas, xunto co certificado de ter superado o curso de adaptación da actividade física e deportiva ao socorrismo en instalacións acuáticas (CAFDO-IA), establecido no anexo V e impartido polas entidades sinaladas na disposición adicional primeira e segunda.

Artigo 6.2:

- D) Título de Licenciado ou Graduado en Ciencias da Actividade Física e o Deporte, xunto co certificado de ter superado o curso de adaptación da actividade física e deportiva ao socorrismo en espazos acuáticos naturais (CAFDO-EAN), establecido no anexo VI e impartido polas entidades sinaladas na disposición adicional primeira e segunda.
- E) Título de Técnico Superior en Animación de Actividades Físicas e Deportivas, xunto co certificado de ter superado o curso de adaptación da actividade física e deportiva ao socorrismo en espazos acuáticos naturais (CAFDO-EAN), establecido no anexo VI e impartido polas entidades sinaladas na disposición adicional primeira e segunda.

Terceiro.- Que os anexos V e VI do *Decreto 35/2017, do 30 de marzo, regula o contido dos cursos CAFDO-IA, establecendo respectivamente o módulo de PRÁCTICAS PROFESIONAIS NON LABORAIS DE SOCORRISMO EN INSTALACIÓNS ACUÁTICAS, cunha duración de 80 horas.*

Cuarto.- Que a Agasp convocou no Diario Oficial de Galicia nº 52 de 14 de marzo de 2018, as seguintes actividades formativas en materia de socorrismo “*Curso de Adaptación da Actividade Física e Deportiva ao Socorrismo en Instalacións Acuáticas*” que se está a desenvolver.

Quinto.- Que a empresa

- **Xestiona o servizo da Instalación Acuática “Piscina climatizada da Agasp, en A Estrada”,**

e posúe os recursos e instalacións necesarias para levar a cabo as prácticas profesionais non laborais de socorrismo.

Sexto.- Que as prácticas profesionais non laborais de socorrismo son un modulo formativo do curso de adaptación da actividade física e deportiva ao socorrismo, o cal o alumno/a debe superar e está incluído no curso para instalacións acuáticas, a superación do citado módulo e preceptivo para obter os resultados de aprendizaxe que engloba completar a adquisición de competencias profesionais propias do socorrismo en instalacións acuáticas acadadas a través dos contidos teóricos e prácticos propios do curso en situacións laborais reais e adquirir unha identidade e unha madurez profesional motivadoras para a aprendizaxe ao longo da vida e para as adaptacións aos cambios das necesidades de formación.



Sétimo.- Que a AGASP é un organismo autónomo de carácter administrativo adscrito organicamente á consellería con competencias en materia de interior e xustiza da Xunta de Galicia, que para o cumprimento dos seus fins goza de personalidade xurídica propia, autonomía funcional e plena capacidade de obrar.

Que a Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, pola que se crea a AGASP, establece entre os seus fins, que a Academia orientará a súa actuación ao enriquecemento do capital humano dos servizos de seguridade pública mediante a súa capacitación a través da formación, a innovación e a excelencia xunto co compromiso de xerar e transferir as bases de coñecemento para a mellora das políticas en materia de seguridade pública e o impulso de calidade nos servizos para unha mellor atención o cidadán e unha maior satisfacción dos seus xestores.

Oitavo.- Que as partes recoñécense asinantes deste convenio recoñécense reciprocamente capacidade e lexitimación para a negociación e sinatura e expresan a súa intención de colaborar na realización das prácticas de Socorrismo, polo que acordan subscribir o presente convenio de colaboración con suxeición as seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto.-

O obxecto deste convenio é a participación da empresa na realización do módulo *prácticas profesionais non laborais de socorrismo* que debe superar o alumno do curso de adaptación da actividade física e deportiva ao socorrismo en instalacións acuáticas cunha duración de 80 horas.

SEGUNDA.- Obrigas das partes.-

1. A AGASP a través do Coordinador da actividade formativa comprométese a informar sobre o contido do programa formativo coa antelación necesaria ao seu inicio.
2. A empresa acollerá aos alumnos seleccionados do ***“Curso de Adaptación da Actividade Física e Deportiva ao Socorrismo en Instalacións Acuáticas”***. Así mesmo, a empresa colaborará na realización das prácticas, respectando todo o recollido no *Decreto 35/2017, do 30 de marzo, polo que se modifica o Decreto 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia, e en especial no disposto nos Anexos V/VI.*

TERCEIRA.- Establecemento dunha comisión mixta de seguimento.-

Para o desenvolvemento e seguimento deste convenio créase unha Comisión Mixta paritaria, composta por dúas persoas designadas por cada parte, que adoptará os acordos por unanimidade.



CUARTA.- Orzamento.-

A sinatura deste convenio non implica, por parte da AGASP, compromiso de gasto con cargo ás partidas orzamentarias do estado de gastos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2.018.

QUINTA.- Inexistencia de relación laboral.-

A sinatura do presente convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre as persoas que realicen as prácticas da actividade e a Agasp ou a empresa.

SEXTA.- Modificación, denuncia e resolución do convenio.-

As partes poderán modificar ou resolver o presente convenio en calquera momento por mutuo acordo. Así mesmo, poderán denunciar o presente convenio en calquera momento por vontade expresa de calquera das partes cun preaviso de quince días naturais.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unhas das partes facultará á outra para resolver ó mesmo, cos efectos que legalmente procedan.

SÉTIMA.- Réxime xurídico.-

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e pola lexislación sobre a materia obxecto do mesmo; adicionalmente pola lexislación de contratos do sector público e demais normas de dereito administrativo; e en defecto deste último polas normas de dereito privado.

As discrepancias que xurdan pola aplicación do presente convenio serán resoltas pola Comisión de Seguimento. De persistir estas resolverá o Director Xeral da Agasp e o representante legal da empresa, no ámbito das respectivas competencias, poñendo fin á vía administrativa.

OITAVA.- Designación de Coordinador da Agasp.-

Nomease Coordinador da actividade por parte da Agasp a don **Carlos Vales Porto**.

OITAVA.-Vixencia.-

O presente convenio estenderá a súa vixencia dende a data da sinatura por tódalas partes ata **o 30 de xunio de 2018**, prorrogándose de forma expresa por anualidades naturais, salvo



denuncia de calquera das partes antes da súa finalización, ou da finalización de cada unha das prórrogas.

Este acordo de colaboración obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose tódalas partes ao acordado en todas as estipulacións, e como proba de conformidade, asinan o presente convenio, no lugar e data arriba sinalados.

ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA	EMPRESA AUGA V.A. XESTIÓN E MANTEMENTO S.L.
Luis Menor Pérez	Roberto Campos López